



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

“Tarasita dame lume
por debaixo de la puerta
que lo tienco de costumbre”.

“Ghuapo qu’así o disestes,
se non sabelo camiño,
volve por donde viñestes”.

“O camiño ben o sei,
ben o tou vendo d’aquí,
quén me dera de encontrar
unha dama coma ti”.

“Unha dama coma min,
ela non cha de querer,
qu’o ghalán que a portende
inda de saber ler”.

“Non sei ler nin escribir-e
nin tampouc’andar de roda,
estimaba de saber
esa túa escola nova”.

“Esta miña escola nova
érach’unha maravilla,
mi pronto se ch’acabou
o diñeiro de Castilla”.

“O diñeiro de Castilla
diñeiro da maldisión,
fómolo ghasta-los dous
á taberna do Ghighón”.

“S’o ghistastes, n-o ghistaras,
qu’eu non cho mandei ghistar-e,
desa túa mala vida
moito m’hei de relabare”.